

DECRETO NÚMERO 16005022 DO 23/06/2016

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Rematado o día 23.05.2016 o prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo convocado polo Decreto nº 16003243 do 02/05/2016, para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario na categoría de Oficial Electricista, segundo as bases aprobadas polo acordo número 13/216, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día vinte de abril de dous mil dezaseis, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 110 do día 13 de maio de 2016 e Taboleiro de Edictos do Concello.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 15010037, de delegación de atribucións, ditado o 7-12-2015, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aproba-la lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos do devandito procedemento selectivo, que é a que a seguidamente se indica:

ADMITIDOS

Apelidos e nome	Documento
COSTEIRA FERNANDEZ RAUL JOSE	76578835J
FERNANDEZ MOREIRA IVAN	33553526E
GALAN ABELEDO MANUEL	33313759F
RODRIGUEZ PENA LEONARDO JOSE	33349541R
VIDAL PROUPIN JAVIER	33544628W

EXCLUÍDOS:

Ninguén.

Segundo.- Fixar o lugar, data e hora de comenzo dos exercicios, do xeito que a continuación se indica:

- Constitución do Tribunal: o xoves 30 de xuño de 2016, ás 9 horas no Salón de Comisión da Casa Consistorial.

- O exercicio desenvolverase o venres 1 de xullo de 2016 ás 12,30 horas no Salón de Actos do Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros, s/n.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16drlistadefOficialElectricista

Asunto: lista def. admitidos e excluídos

- Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Terceiro.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime convinte ó seu dereito.